

BASES PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO TRABALLADOR/A E PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E ADMINISTRATIVO DE APOIO PARA O PROGRAMA DE EMPREGO DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO COMARCA DO SAR 2024

O obradoiro dual de emprego “**COMARCA DO SAR 2024**” é un programa mixto de emprego e formación dirixido a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas, subvencionado pola Consellería de Promoción do Emprego, Comercio e Inmigración e cofinanciado polo Ministerio de Trabajo e Economía Social, e promovido polo **Concello de Padrón conveniado cos concellos de Rois e Dodro**.

Este programa está subvencionado ao amparo da Orde do 7 de febreiro de 2024 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento TR353A), publicada no DOG núm. 38 do 22 de febreiro de 2024. Respéctanse o establecido na Resolución de concesión da subvención, de data do 19/08/2024 e con núm. de expediente 15/0009/2024 e nas instrucións de 18/07/2024, en relación co procedemento de selección de persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos programas de emprego para persoas mozas e dos obradoiros duais de emprego. Convocatoria 2024-2025.

As persoas seleccionadas percibirán as retribucións que se sinalan no proxecto elaborado pola entidade promotora do mesmo (Concello de Padrón), conforme a normativa xurídica aplicable, sin que poidan participar na distribución de fondos, nin percibir retribucións distintas ás establecidas

A/s especialidade/s a impartir é/son a/s seguintes:

SSCS0108 ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS NO DOMICILIO (10 alumnos/as).

EOCB0209 OPERACIÓNS AUXILIARES DE ACABADOS RÍXIDOS E URBANIZACIÓN (10 alumnos/as).

As actuacións a realizar son as seguintes:

- 1.- Pavimentación da rúa Dores (Padrón).
- 2.- Pavimentación da rúa Figueiras e Travesía de Figueiras (Padrón).
- 3.- Reparación da cuberta do lavadoiro e fonto de Casal de Poño (Rois).
- 4.- Pavimentación praza Lestrove (Dodro).
- 5.- Revestimentos interiores casa do concello de Dodro.
- 6.- Atención sociosanitaria a persoas no domicilio.

O obradoiro dual terá unha duración de **9 meses** e formará a **20 alumnos/as traballadores/as**.

O alumnado traballador/a será contratado, baixo a modalidade de contrato para a formación en alternancia, e percibirá as retribucións que lle correspondan de conformidade co previsto na normativa

vixente co obxecto de estar vinculada mediante un contrato de tales características o taller dual de emprego, durante toda a duración da etapa de formación en alternancia.

Contratarase ao seguinte persoal para o obradoiro de emprego:

1 director/a (xornada completa)

1 titor (50% da xornada)

1 mestre da especialidade EOCB0209 OPERACIÓNS AUXILIARES DE ACABADOS RÍXIDOS E URBANIZACIÓN (xornada completa)

2 mestres da especialidade SSCS0108 ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS NO DOMICILIO:

1 traballador/a social a ½ xornada para a especialidade de Atención sociosanitaria a persoas no domicilio na rama social.

1 enfermeiro/a a ½ xornada para a especialidade de Atención sociosanitaria a persoas no domicilio na rama sanitaria.

1 arquitecto técnico (50% da xornada).

1 empregado administrativo (50% da xornada).

Grupo de selección:

SISTEMA DE SELECCIÓN

En vista da normativa exposta propónse un sistema de selección que se fundamenta nos seguintes procedementos:

1. Normas xerais Normativa a aplicar:

O artigo 11.1 da Orde do 7 de febreiro de 2024 establece que, para a selección do alumnado, a selección irá precedida da tramitación de oferta de emprego específica pola correspondente oficina de emprego e dita oferta deberá observar como requisitos mínimos que deben cumprir as persoas candidatas preseleccionadas os establecidos no artigo citado.

O artigo 12.1 da Orde do 7 de febreiro de 2024 establece que, para a selección de persoal formador, directivo e de apoio poderase empregar a oferta de emprego tramitada pola oficina de emprego, a convocatoria pública ou ambas. Así mesmo, as entidades promotoras poderán propoñer a continuidade do persoal contratado anteriormente noutros proxectos xestionados por aquela, incluídos os que adquiriran a condición de fixos de plantilla ou contratados indefinidos das entidades beneficiarias segundo o establecido no artigo 34.2 do R.D.818/2021, que regula os programas comúns de activación para o emprego do SNE. Os candidatos e as candidatas docentes para seren validados, deben cumprir os requisitos dispostos no artigo 168 do Real Deceto 659/2023, tanto se a súa proposta procede dun proceso de selección como se se trata da continuidade de persoal contratado anteriormente.

Publicidade das fases do proceso:

As bases reguladoras do proceso de selección do persoal e do alumnado-traballador aprobadas por esta entidade expóñense ao público no taboleiro de anuncios dos Concellos de Dodro, Padrón e Rois e nas súas páxinas web. Ademais, enviaranse á oficina de emprego de Santiago Norte e tamén serán remitidas á Xefatura Territorial correspondente.

O Concello de Padrón remitirá as ofertas de emprego correspondentes aos diferentes postos á Oficina Pública de Emprego de Galicia (Santiago Norte). Todas as fases do proceso se publicarán no taboleiro de anuncios dos tres Concellos e nas súas páxinas web .

Rematado o procedemento de selección, a entidade promotora remitirá á oficina de emprego e á Xefatura Territorial correspondente, a documentación xustificativa do procedemento e a relación das persoas seleccionadas como beneficiarias participantes, persoal directivo, docente e administrativo de apoio.

Listaxes de reserva:

Rematado o proceso selectivo, a entidade promotora elaborará unha listaxe de reserva integrada polas persoas candidatas que, tendo superadas todas as fases de selección, obtiveran as seguintes mellores puntuacións finais ás da persoa proposta para ocupar a praza obxecto da convocatoria, segundo se indica nos respectivos apartados destas bases. Esta listaxe empregárase para cubrir as vacantes que se produzan unha vez iniciada a prestación da actividade pola persoa inicialmente seleccionada.

No suposto de que a listaxe de reserva se esgotase ou que ningún dos seus integrantes estivera dispoñible para a súa contratación pola entidade promotora, iniciárase un novo procedemento de selección, de conformidade co previsto nestas instrucións.

2. Grupo de selección:

O grupo de selección estará formado por tres persoas das tres entidades participantes.

As decisións do grupo de selección tomaranse por unanimidade ou pola maioría simple dos membros presentes.

A persoa designada como presidente/a, coa finalidade de dirimir os posibles empates nas votacións, disporá de voto de calidade.

Se, por calquera causa, no momento no que teñan lugar as reunións do grupo de selección, algún dos seus membros non puidera asistir, será substituído pola persoa que figurase de suplente para ela.

O grupo de selección poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas que estime pertinentes, limitándose ditos asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas e terán voz pero non voto. O nomeamento destas/es asesores especialistas corresponderalle ao alcalde a proposta do grupo de selección

O presente proxecto ten asignada como data límite para o seu inicio o 02 de decembro de 2024 segundo establece a Resolución de Concesión de subvención asinada pola Director Territorial da Coruña, don Juan José Couce Prego.

Ningunha persoa interesada en formar parte do persoal do obradoiro poderá formar parte do grupo de selección nin auxiliar ao mesmo nas tarefas de selección.

Incidentes e reclamacións: As incidencias e reclamacións que se puidesen suscitar derivadas dos procesos de selección serán resoltas polo grupo de selección.

3. Selección do alumnado-traballador Sistema de selección:

Oferta tipo A ordinaria.

Localidade: O ámbito de busca do alumnado traballador serán os Concellos de Dodro, Padron e Rois; no caso de non atoparse persoas candidatas suficientes, a sondaxe ampliaríase aos concellos limítrofes, dando prioridade a aqueles concellos que non teñan proxectos de obradoiros de emprego.

Idade: Igual ou superior os 18 anos.

Situación laboral: Persoas desempregadas demandantes de emprego que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que será o encargado de realizar a sondaxe tendo en conta ás persoas inscritas en algún dos seguintes servizos: 320 (Escola taller programas), 330 (Casa de Oficio), 340 (Taller de Emprego) ou 370 (Outros programas de emprego formación dual) e os demandantes que se atopen na situación administrativa de

suspensión 699 (suspensión específica programas experimentais de emprego) e cumprir cos requisitos do contrato de formación e aprendizaxe no momento da selección e da contratación.

Criterios preferentes de selección: O grupo de selección deberá aplicar os criterios preferentes de selección que figuran nos artigos 2, 10 e 11 da Orde do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento TR 353A).

As persoas candidatas deberán cumprir cos requisitos do certificado de profesionalidade da especialidade á que opten e manter o cumprimento dos requisitos da selección na data da súa incorporación ao proxecto.

No caso de que a persoa candidata participara con anterioridade noutro obradoiro de emprego con independencia de que o rematase con resultado de apto ou non, non poderá optar á selección para recibir formación no mesmo certificado profesional ou noutro da mesma familia excepto que o certificado a cursar sexa de nivel superior.

O número máximo de persoas candidatas a preseleccionar será determinado polo grupo de selección, e o mínimo será, se é posible, de tres por praza.

A selección definitiva das 20 persoas como alumnado-traballador será efectuada polo grupo de selección, que aplicará o baremo establecido no anexo I, por medio do que serán avaliadas as circunstancias persoais e profesionais das persoas candidatas remitidas pola oficina de emprego e unha entrevista persoal, que será previa á aplicación dos criterios obxectivos, co fin de avaliar o seu interese en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral como as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo.

Os casos de empate resolveranse aplicando a seguinte orde de prelación:

- a) Non ter participado nunca nun obradoiro de emprego
- b) A menor cualificación profesional
- c) Maior tempo acreditado como persoa demandante de emprego
- d) A persoa de maior idade

Convocatoria das probas: Unha vez se teña a listaxe das persoas candidatas remitidas pola Oficina de Emprego, o grupo de selección encargárase de comunicarlles ás persoas candidatas o prazo para presentar a documentación e o calendario das probas de selección. As persoas que non presenten a documentación ou que non acudan ás convocatorias das distintas fases do proceso quedarán excluídas. O grupo de selección poderá optar por substituír a entrevista persoal por un procedemento de selección consistente nunha reunión na que serán citadas as persoas candidatas preseleccionadas, para seren sometidas a un cuestionario previamente aprobado polo grupo de selección.

Puntuacións finais

Contratación como alumnos/as-traballadores/as: Unha vez que remate o proceso, o Concello de Padrón establecerá as puntuacións finais das persoas participantes no procedemento que virán dadas pola suma dos puntos acadados nas diferentes fases do procedemento realizado. Determinarán a orde de prelación, constituíndo a proposta para a súa posterior contratación como alumno/a-traballador/a pola entidade promotora.

Elaborarase unha listaxe de reserva segundo a orde de puntuación acadada e, de producirse baixas ou renuncias, recorrerase a ela

TIPO DE CONTRATO: Contrato formación en alternancia, duración 9 meses a xornada completa.

4.- Procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio:

Convocatoria: para levar a cabo o procedemento de selección do persoal directivo, docente e administrativo de apoio presentaránse as correspondentes ofertas de emprego no Servizo Público de emprego de Galicia, na súa oficina de Santiago Norte e rexistraranse coma unha oferta de tipo A ordinario. O grupo de selección informará á antedita oficina de emprego tanto da forma, lugar e prazo de presentación da documentación acreditativa dos méritos coma da realización da entrevista.

A entidade promotora propón a continuidade do persoal directivo, docente na especialidade de Operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización e de apoio contratado anteriormente noutros proxectos xestionados por aquela, segundo o establecido no artigo 34,2 do Real Decreto 818/2021, que regula os programas comúns de activación para o emprego do SNE.

O grupo de selección determinará o número máximo de candidatos/as a preseleccionar para cada praza, debendo considerar na medida do posible, tres candidatos/as por posto.

O ámbito da sondaxe será os concellos de Rois, Dodro e Padrón, ampliándose, no caso de non se obter o número de candidatos/as suficientes, a outros concellos do ámbito territorial da oficina de emprego a que pertencen os concellos promotores e deser necesario, a toda a provincia.

Requisitos: todas as ofertas recollerán como requisito mínimo, ademais do particular de cada caso, que sexan persoas desempregadas ou en mellora de emprego.

Convocatoria das probas: unha vez realizada a sondaxe e, no seu caso, comprobadas as candidaturas que se presenten á difusión da oferta, comunicárase as persoas candidatas a forma, lugar e prazo de presentación da documentación acreditativa dos seus méritos; tamén se lle indicará ás persoas candidatas o lugar, data e hora na que terá lugar a entrevista.

As persoas que non se presenten ás distintas fases do proceso quedarán excluídas deste.

Fases do procedemento selectivo:

Entrevista: Realizarase en primeiro lugar, será individual e terá por finalidade determinar as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria, non será eliminatória pero quedarán excluídas do proceso as persoas que non se presenten, faranse públicas as puntuacións obtidas no taboleiro de anuncios dos Concellos de Dodro, Rois e Padrón e nas páxinas web dos tres concellos.

Valoración de méritos Consiste na valoración dos méritos achegados polas persoas candidatas, segundo os baremos que acompañan a estas bases.

Faranse públicas as puntuacións no taboleiro de anuncios dos Concellos de Dodro, Padrón e Rois e nas páxinas web dos tres concellos.

Empates: Os criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas en cada unha das fases do proceso selectivo así como nas puntuacións finais, son, por orde de prelación, os seguintes:

- a) O maior tempo acreditado como desempregado
- b) A puntuación acadada nas probas de aptitude e/ou coñecementos, de terse realizado
- c) A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional
- d) A puntuación outorgada no apartado de experiencia docente
- e) A puntuación correspondente ás titulacións complementarias
- f) A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego
- g) A puntuación obtida no apartado de cursos realizados
- h) O de maior idade.

A oficina de emprego comunicará os/as candidatos/as preseleccionados/as a forma, lugar e prazo de presentación da documentación xustificativa do currículo, acreditativa dos seus méritos:

- A titulación académica, que se xustificaran co correspondente título académico oficial.
- Os cursos realizados, que se xustificaran cos correspondentes diplomas.
- A experiencia profesional, que deberá xustificarse:
 - ✓ Traballo por conta allea: Contratos de traballo ou certificados de empresa, vida laboral expedida pola Seguridade Social sempre que poida acreditarse a categoría profesional desempeñada, computándose as horas efectivas traballadas.
 - ✓ Traballadores autónomos: Alta no imposto de actividades económicas acompañada de informe de vida laboral. No caso de non estar obrigado, documento que lle exima de obrigación de cotizar.
 - ✓ Traballos no estranxeiro: Certificación oficial na que conste a profesión desempeñada e os períodos traballados.

As persoas candidatas preseleccionadas que non cumpran cos requisitos de titulación e experiencia profesional, quedarán excluídas do proceso selectivo, polo que o seu currículo non será obxecto de baremo, nin terá lugar a entrevista.

O grupo de selección valorará os currículos conforme aos baremos e redactará a correspondente acta. A relación provisional das puntuacións outorgadas na primeira fase do proceso selectivo será exposta nos taboleiros das entidades promotoras, da xefatura territorial e da oficina de emprego de Santiago-Norte debendo figurar o prazo para presentar reclamacións.

O grupo de selección citará ás persoas candidatas admitidas para unha entrevista de selección na que se valorará a adecuación das mesmas aos postos de traballo ofertados.

Estas entrevistas terán lugar nas datas e no local que fixe o grupo de selección. O grupo de selección levará a cabo as entrevistas, as valorará e redactará as correspondentes actas que se remitirán á xefatura territorial (Servizo de Formación e Cualificación para o emprego).

Publicacións e/ou notificacións:

O grupo de selección acordará a publicación dos resultados, e tamén a publicación ou notificación, no seu caso, dos demais actos de trámite que poidan afectar aos intereses das persoas candidatas de acordo sempre co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e demais normativa aplicable. Estas publicacións realizaranse nos taboleiros de anuncios da oficina de emprego de Santiago-Norte así como nas páxinas web das entidades promotoras.

Puntuacións finais e contratación: Rematada a derradeira fase, o Concello de Padrón, a proposta do grupo de selección, establecerá as puntuacións finais das persoas candidatas participantes no procedemento.

As ditas puntuacións virán dadas pola suma dos puntos acadados nas diferentes fases do procedemento selectivo e determinarán a orde de prelación, constituíndo a proposta para a súa posterior contratación pola entidade promotora.

TIPO DE CONTRATO. Realizaráse según normativa vixente, duración 9 meses e a xornada completa ou a media xornada según as características do posto.

Padrón, outubro de 2024

BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN/HA DIRECTOR/A

FUNCIONES:

Encargarase da dirección do obradoiro de emprego, e dos medios humanos e materiais, sendo a persoa responsable das relacións co exterior: Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, entidade promotora e empresariado. Levará a cabo a xestión e a supervisión económica do proxecto, así como das actuacións e servizos que se desenvolvan no mesmo.

Así mesmo coordinará e supervisará os aspectos técnicos e formativos do proxecto e do traballo administrativo, e responsabilizarase da impartición de alfabetización informática, orientación, información profesional e formación empresarial e asistencia técnica.

En xeral estará encargado do bo funcionamento do Obradoiro, concretamente:

- 1 Elaborar, xunto co equipo docente, a proposta do plan de actuacións
- 2 Presentar ante a Xefatura Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e ante os Concellos de Padrón, Rois e Dodro, as memorias periódicas e finais, os datos da xestión orzamentaria da execución das obras, e a preparación da información e documentación necesaria para a compra ou alugueiro de material ou maquinaria.
- 3 Coordinar a programación didáctica, de conformidade co plan formativo do proxecto e o certificado de profesionalidade.
- 4 Supervisar a formación do alumnado-traballador/a e a labor educativa do persoal docente.
- 5 Colaborar co/a titor/a para facilitar a inserción laboral do alumnado durante e unha vez rematado o proxecto.
- 6 Controlar o cumprimento das obrigas de todo o persoal do obradoiro, asistencia, puntualidade, comportamento no posto de traballo; todo en consonancia co regulamento de dereitos e deberes do alumnado.
- 7 Propoñer, organizar e coordinar as actividades complementarias de carácter formativo do alumnado-traballador/a.
- 8 Velar polo cumprimento das normas de seguridade e saúde no traballo, encargando ao resto do persoal docente e de apoio o control directo do cumprimento de tales normas.
- 9 Impartir alfabetización informática, orientación e información profesional, formación empresarial e asistencia técnica

Será contratado/a a tempo completo.

REQUISITOS MÍNIMOS:

Nivel académico: Diplomatura, licenciatura ou grao

PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN:

De acordo co establecido no artigo 12.1 segundo parágrafo da Orde do 7 de febreiro de 2024 "as entidades promotoras poderán propoñer a continuidade do persoal contratado anteriormente noutros proxectos xestionados por aquela, incluídos os que adquiriran a condición de fixos de plantilla ou contratados indefinidos das entidades beneficiarias segundo o establecido no artigo 34.2 do R.D.818/2021, que regula os programas comúns de activación para o emprego do SNE.

Os candidatos e as candidatas docentes para seren validados, deben cumprir os requisitos dispostos no artigo 168 do Real Decreto 659/2023, tanto se a súa proposta procede dun proceso de selección como se se trata da continuidade de persoal contratado anteriormente”.

Documentación:

- DNI ou documento identificativo válido en vigor.

Para acreditar os méritos será necesario presentar a documentación segundo se indica:

- A titulación académica, que se xustificará co correspondente título académico oficial.

- O apartado de formación acreditarase coa presentación de titulacións, certificacións de asistencia ou diplomas expedidos polo organismo ou centro correspondente; deben ser outorgadas ou impartidas por Universidades e centro de formación públicos, administracións públicas, escolas oficiais da administración pública, colexios oficiais ou incluídos nos plans de formación continua. Deben constar un número de horas, as datas de celebración e os contidos impartidos. No caso de que se participara en varias accións formativas sobre a mesma materia, serán excluídas as de duración inferior.

- A experiencia profesional, que deberá xustificarse:

* Traballo por conta allea: será necesario presentar informe de vida laboral expedido pola Administración da Seguridade Social, que se acompañará de copia de contratos, nómina, certificado de empresa ou outro documento onde se especifique a categoría profesional e o tempo traballado. Non se teñen en conta as experiencias que non figuren no informe de vida laboral.

* Traballadores autónomos: será necesario presentar informe de vida laboral expedido pola Administración da Seguridade Social no que se especifique os períodos de alta na Seguridade Social no réxime especial correspondente e descripción da actividade desenvolvida, así como a alta no IAE (actualizada). Ademais, xustificarase o traballo efectivo no período de alta na SS coa presentación de facturas, libros de contas ou calquera outro medio válido en dereito no que consten os servizos prestados. Non se teñen en conta as experiencias que non figuren no informe de vida laboral.

BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN/HA TITOR/A

FUNCIÓNS:

O candidato seleccionado realizará labores de titoría do alumnado e coordinará todas as accións formativas do obradoiro cos docentes. Impartirá tamén os módulos de sensibilización ambiental e sensibilización en igualdade de xénero e ensino básico.

Será contratado/a ao 50% da xornada

REQUISITOS MÍNIMOS:

Nivel académico: Diplomatura, licenciatura ou grao.

PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN:

De acordo co establecido no artigo 12.1 segundo parágrafo da Orde do 7 de febreiro de 2024 “as entidades promotoras poderán propoñer a continuidade do persoal contratado anteriormente noutros proxectos xestionados por aquela, incluídos os que adquiriran a condición de fixos de plantilla ou contratados indefinidos das entidades beneficiarias segundo o establecido no artigo 34.2 do R.D.818/2021, que regula os programas comúns de activación para o emprego do SNE.

Os candidatos e as candidatas docentes para seren validados, deben cumprir os requisitos dispostos no artigo 168 do Real Decreto 659/2023, tanto se a súa proposta procede dun proceso de selección como se se trata da continuidade de persoal contratado anteriormente”.

Documentación:

- DNI ou documento identificativo válido en vigor.

Para acreditar os méritos será necesario presentar a documentación segundo se indica:

- A titulación académica, que se xustificará co correspondente título académico oficial.

- O apartado de formación acreditarase coa presentación de titulacións, certificacións de asistencia ou diplomas expedidos polo organismo ou centro correspondente; deben ser outorgadas ou impartidas por Universidades e centro de formación públicos, administracións públicas, escolas oficiais da administración pública, colexios oficiais ou incluídos nos plans de formación continua. Deben constar un número de horas, as datas de celebración e os contidos impartidos. No caso de que se participara en varias accións formativas sobre a mesma materia, serán excluídas as de duración inferior.

- A experiencia profesional, que deberá xustificarse:

* Traballo por conta allea: será necesario presentar informe de vida laboral expedido pola Administración da Seguridade Social, que se acompañará de copia de contratos, nómina, certificado de empresa ou outro documento onde se especifique a categoría profesional e o tempo traballado. Non se teñen en conta as experiencias que non figuren no informe de vida laboral.

* Traballadores autónomos: será necesario presentar informe de vida laboral expedido pola Administración da Seguridade Social no que se especifique os períodos de alta na Seguridade Social no réxime especial correspondente e descripción da actividade desenvolvida, así como a alta no IAE (actualizada). Ademais, xustificarse o traballo efectivo no período de alta na SS coa presentación de facturas, libros de contas ou calquera outro medio válido en dereito no que consten os servizos prestados. Non se teñen en conta as experiencias que non figuren no informe de vida laboral.

BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN/UNHA ARQUITECTO/A TECNICO

FUNCIÓNS:

A persoa candidata seleccionada encargárase de actuar como mestre auxiliar nas labores da especialidade de OPERACIÓNS AUXILIARES DE ACABADOS RÍXIDOS E URBANIZACIÓN

Impartira a formación teórica correspondente a especialidade de OPERACIÓNS AUXILIARES DE ACABADOS RÍXIDOS E URBANIZACIÓN.

Impartir o módulo de Prevención de riscos laborais da especialidade de OPERACIÓNS AUXILIARES DE ACABADOS RÍXIDOS E URBANIZACIÓN.

Impartir o módulo de prevención de riscos laborais da especialidade de ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS NO DOMICILIO.

Control das obras a realizar e do cumprimento da normativa de seguridade e saúde.

Serán contratados a xornada parcial.

REQUISITOS MÍNIMOS:

Nivel académico: Diplomatura, licenciatura ou grao

PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN:

De acordo co establecido no artigo 12.1 segundo parágrafo da Orde do 7 de febreiro de 2024 “as entidades promotoras poderán propoñer a continuidade do persoal contratado anteriormente noutros proxectos xestionados por aquela, incluídos os que adquiriran a condición de fixos de plantilla ou contratados indefinidos das entidades beneficiarias segundo o establecido no artigo 34.2 do R.D.818/2021, que regula os programas comúns de activación para o emprego do SNE.

Os candidatos e as candidatas docentes para seren validados, deben cumprir os requisitos dispostos no artigo 168 do Real Decreto 659/2023, tanto se a súa proposta procede dun proceso de selección como se se trata da continuidade de persoal contratado anteriormente”.

Documentación:

- DNI ou documento identificativo válido en vigor.

Para acreditar os méritos será necesario presentar a documentación segundo se indica:

- A titulación académica, que se xustificará co correspondente título académico oficial.

- O apartado de formación acreditarase coa presentación de titulacións, certificacións de asistencia ou diplomas expedidos polo organismo ou centro correspondente; deben ser outorgadas ou impartidas por Universidades e centro de formación públicos, administracións públicas, escolas oficiais da administración pública, colexios oficiais ou incluídos nos plans de formación continua. Deben constar un número de horas, as datas de celebración e os contidos impartidos. No caso de que se participara en varias accións formativas sobre a mesma materia, serán excluídas as de duración inferior.

- A experiencia profesional, que deberá xustificarse:

* Trabajo por conta allea: será necesario presentar informe de vida laboral expedido pola Administración da Seguridade Social, que se acompañará de copia de contratos, nómina, certificado de empresa ou outro documento onde se especifique a categoría profesional e o tempo traballado. Non se teñen en conta as experiencias que non figuren no informe de vida laboral.

* Traballadores autónomos: será necesario presentar informe de vida laboral expedido pola Administración da Seguridade Social no que se especifique os períodos de alta na Seguridade Social no réxime especial correspondente e descripción da actividade desenvolvida, así como a alta no IAE (actualizada). Ademais, xustificarse o traballo efectivo no período de alta na SS coa presentación de facturas, libros de contas ou calquera outro medio valido en dereito no que consten os servizos prestados. Non se teñen en conta as experiencias que non figuren no informe de vida laboral.

BAREMO PARA A SELECCION DUN/HA EMPREGADO/A ADMINISTRATIVO/A

FUNCIONS:

O/A candidato/a seleccionado/a encargarse das tarefas administrativas do obradoiro, colaborando co director/a en todo canto lle sexa encomendado dentro do ámbito das súas competencias, en particular:

- Levar a contabilidade, arquivo de documentación.
- Realizar xestións telefónicas e supervisar a recepción de chamadas e a notificación das mesmas ás persoas interesadas.
- Actualizar e controlar o material de oficina e de docencia, así como a realización de inventarios.
- Asistir ás reunións, elaborando as actas e encargándose da documentación que se derive destas.
- Organizar o traballo de documentación e fotocopiado
- Supervisar a entrada e saída de correspondencia e documentación, a súa distribución e redacción.
- Cubrir os formularios e demais documentación a solicitude da Xefatura Territorial e da entidade promotora

Será contratado a xornada parcial.

REQUISITOS MÍNIMOS:

Titulación de **técnico medio en Administración e Finanzas**.

PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN:

De acordo co establecido no artigo 12.1 segundo parágrafo da Orde do 7 de febreiro de 2024 “as entidades promotoras poderán propoñer a continuidade do persoal contratado anteriormente noutros proxectos xestionados por aquela, incluídos os que adquiriran a condición de fixos de plantilla ou contratados indefinidos das entidades beneficiarias segundo o establecido no artigo 34.2 do R.D.818/2021, que regula os programas comúns de activación para o emprego do SNE.

Os candidatos e as candidatas docentes para seren validados, deben cumprir os requisitos dispostos no artigo 168 do Real Decreto 659/2023, tanto se a súa proposta procede dun proceso de selección como se se trata da continuidade de persoal contratado anteriormente”.

Documentación:

- DNI ou documento identificativo válido en vigor.

Para acreditar os méritos será necesario presentar a documentación segundo se indica:

- A titulación académica, que se xustificará co correspondente título académico oficial.

- O apartado de formación acreditarase coa presentación de titulacións, certificacións de asistencia ou diplomas expedidos polo organismo ou centro correspondente; deben ser outorgadas ou impartidas por Universidades e centro de formación públicos, administracións públicas, escolas oficiais da administración pública, colexios oficiais ou incluídos nos plans de formación continua. Deben constar un número de horas, as datas de celebración e os contidos impartidos. No caso de que se participara en varias accións formativas sobre a mesma materia, serán excluídas as de duración inferior.

- A experiencia profesional, que deberá xustificarse:

* Traballo por conta allea: será necesario presentar informe de vida laboral expedido pola Administración da Seguridade Social, que se acompañará de copia de contratos, nómina, certificado de empresa ou outro documento onde se especifique a categoría profesional e o tempo traballado. Non se teñen en conta as experiencias que non figuren no informe de vida laboral.

* Traballadores autónomos: será necesario presentar informe de vida laboral expedido pola Administración da Seguridade Social no que se especifique os períodos de alta na Seguridade Social no réxime especial correspondente e descripción da actividade desenvolvida, así como a alta no IAE (actualizada). Ademais, xustificarse o traballo efectivo no período de alta na SS coa presentación de facturas, libros de contas ou calquera outro medio válido en dereito no que consten os servizos prestados. Non se teñen en conta as experiencias que non figuren no informe de vida laboral.

BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN MESTRE DA ESPECIALIDADE DE OPERACIÓNS AUXILIARES DE ACABADOS RÍXIDOS E URBANIZACIÓN DE OBRADOIRO

FUNCIONES:

As persoas candidatas seleccionadas encargaranse de impartir a educación correspondente aos seus oficios e de actuar como mestres/as das súas especialidades nas obras ou actuacións que se leven a cabo como práctica profesional dos/as alumnos/as traballadores/as.

Serán contratados a xornada completa:

- **1 mestre/a da especialidade EOCB0209 Operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización**
- Elaborar, xunto co/a director/a, a programación didáctica das respectivas áreas ou módulos formativos do certificado de profesionalidade.
- Desenvolver, cumprir e impartir do programa formativo na aula e nas obras a executar, incluíndo a preparación previa dos contidos teórico-prácticos a impartir e a realización das actividades relacionadas cos contidos.
- Responsabilizaranse da aprendizaxe do alumnado-traballador/a, de todas as normas en xeral, do regulamento de réxime interno e das normas de seguridade e saúde en particular.
- Controlarán a asistencia, puntualidade, actitude e rendemento do alumnado-traballador/a, notificando á dirección do obradoiro das incidencias que se produzan.
- Responsabilizaranse do mantemento, conservación e custodia dos materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización da aula-taller e espazos de execución dos traballos.
- Cursarán á dirección do obradoiro as solicitudes de compra de materiais, ferramentas e maquinaria necesarios para o normal desenvolvemento da súa actividade.
- Contribuirán á orientación profesional e laboral do alumnado traballador/a.

REQUISITOS MÍNIMOS:

Nivel académico:

Para o caso de mestre/a de OPERACIÓNS AUXILIARES DE ACABADOS RÍXIDOS E URBANIZACIÓN: os establecidos no RD 644/2011, do 9 de maio modificado polo RD 615/2013, de 2 de agosto que regula o certificado de profesionalidade da dita especialidade.

PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN:

De acordo co establecido no artigo 12.1 segundo parágrafo da Orde do 7 de febreiro de 2024 “as entidades promotoras poderán propoñer a continuidade do persoal contratado anteriormente noutros proxectos xestionados por aquela, incluídos os que adquiriran a condición de fixos de plantilla ou contratados indefinidos das entidades beneficiarias segundo o establecido no artigo 34.2 do R.D.818/2021, que regula os programas comúns de activación para o emprego do SNE.

Os candidatos e as candidatas docentes para seren validados, deben cumprir os requisitos dispostos no artigo 168 do Real Decreto 659/2023, tanto se a súa proposta procede dun proceso de selección como se se trata da continuidade de persoal contratado anteriormente”.

Documentación:

- DNI ou documento identificativo válido en vigor.

Para acreditar os méritos será necesario presentar a documentación segundo se indica:

- A titulación académica, que se xustificará co correspondente título académico oficial.
- O apartado de formación acreditarase coa presentación de titulacións, certificacións de asistencia ou diplomas expedidos polo organismo ou centro correspondente; deben ser outorgadas ou impartidas por Universidades e centro de formación públicos, administracións públicas, escolas oficiais da administración pública, colexios oficiais ou incluídos nos plans de formación continua. Deben constar un número de horas, as datas de celebración e os contidos impartidos. No caso de que se participara en varias accións formativas sobre a mesma materia, serán excluídas as de duración inferior.
- A experiencia profesional, que deberá xustificarse:
 - * Traballo por conta allea: será necesario presentar informe de vida laboral expedido pola Administración da Seguridade Social, que se acompañará de copia de contratos, nómina, certificado de empresa ou outro documento onde se especifique a categoría profesional e o tempo traballado. Non se teñen en conta as experiencias que non figuren no informe de vida laboral.
 - * Traballadores autónomos: será necesario presentar informe de vida laboral expedido pola Administración da Seguridade Social no que se especifique os períodos de alta na Seguridade Social no réxime especial correspondente e descripción da actividade desenvolvida, así como a alta no IAE (actualizada). Ademais, xustificarse o traballo efectivo no período de alta na SS coa presentación de facturas, libros de contas ou calquera outro medio válido en dereito no que consten os servizos prestados. Non se teñen en conta as experiencias que non figuren no informe de vida laboral.

BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN MESTRE DA ESPECIALIDADE DE ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS NO DOMICILIO DE OBRADOIRO

FUNCIONS:

As persoas candidatas seleccionadas encargaranse de impartir a educación correspondente aos seus oficios e de actuar como mestres/as das súas especialidades nas obras ou actuacións que se leven a cabo como práctica profesional dos/as alumnos/as traballadores/as.

Serán contratados a media xornada:

- **1 traballador/a social a ½ xornada** para a especialidade SSCS0108 Atención sociosanitaria a persoas no domicilio.
- **1 enfermero/a a ½ xornada** para a especialidade SSCS0108 Atención sociosanitaria a persoas no domicilio.
- Elaborar, xunto co/a director/a, a programación didáctica das respectivas áreas ou módulos formativos do certificado de profesionalidade.
- Desenvolver, cumprir e impartir do programa formativo na aula e nas obras a executar, incluíndo a preparación previa dos contidos teórico-prácticos a impartir e a realización das actividades relacionadas cos contidos.
- Responsabilizarse da aprendizaxe do alumnado-traballador/a, de todas as normas en xeral, do regulamento de réxime interno e das normas de seguridade e saúde en particular.

- Controlarán a asistencia, puntualidade, actitude e rendemento do alumnado-traballador/a, notificando á dirección do obradoiro das incidencias que se produzan.
- Responsabilizaranse do mantemento, conservación e custodia dos materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización da aula-taller e espazos de execución dos traballos.
- Cursarán á dirección do obradoiro as solicitudes de compra de materiais, ferramentas e maquinaria necesarios para o normal desenvolvemento da súa actividade.
- Contribuirán á orientación profesional e laboral do alumnado traballador/a.

REQUISITOS MÍNIMOS:

Nivel académico: Licenciatura, grao ou diplomatura.

Para o caso de mestre/a de SCS0108 ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS NO DOMICILIO os establecidos no RD 1379/2008, do 1 de agosto, modificado polo RD 721/2011, de 20 de maio, que regula o certificado de profesionalidade da dita especialidade.

A experiencia profesional esixida nos certificados de profesionalidade para impartir a docencia acreditarase en horas efectivas traballadas.

VALORACIÓN DO CURRÍCULUM:

Titulación académica relacionada coa que se oferte a máis axeitada ao obradoiro:

- Doutoramento: 1.25 puntos.
- Master, ata 500 horas: 0.75 puntos; máis de 500 horas: 1 punto.
- Pos grado, ata 100 horas: 0,25 puntos; máis de 100 horas: 0,50 puntos.
- Titulación universitaria ou: licenciatura ou grao, 1.5 puntos; diplomatura universitaria, 1 punto.
- Título de técnico/a superior da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0.10 puntos.
- Título de técnico/a da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0.05 puntos.

Esta **puntuación** é acumulable, sendo a **máxima** posible **2 puntos**.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante.

As titulacións avaliáveis teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Valoraranse unicamente como máster universitario os que así se identifiquen no propio título ou veñan acompañados dunha certificación que acredite a dita categoría de máster.

Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 5 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 3 puntos.

No caso de requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de **8 puntos**.

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas; 0,20 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, ... non será obxecto de puntuación.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos é de **1 punto**.

Cursos de formación:

- Curso de *especialización docente* (100 horas): 0,50 puntos
- Curso de *metodoloxía didáctica* (150 horas): 0,75 puntos
- Curso de *formador de formadores* (400 horas): 1 punto
- Curso de *C.A.P, ou equivalente (máster en secundaria)*: 1 punto
- Curso de *Docencia da Formación Profesional para o Emprego (SSCE0110)*: 1 punto

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos de formación é de **1 punto**.

Coñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: 0,5 puntos
- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5: 1 punto

A puntuación máxima a obter por este apartado será de ata **1 punto**.

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, dependente da Presidencia da Xunta de Galicia. De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

Entrevista:

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un **máximo de 10 puntos**.

Puntuación final :

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas polo currículo persoal e a entrevista. No caso de empate será de aplicación a instrución de data 15/07/2024 da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego.

ANEXO I**BAREMO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO DO
OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO COMARCA DO SAR 2024****1.- MULLERES**

En xeral2 puntos.

2.- IDADE

18 - 29 anos 1 punto.

30 - 44 anos 2 puntos.

45 ou máis 3 puntos.

3.- DISCAPACIDADE: Sempre e cando se poidan realizar os traballos

Minusvalía >= 33 %1 punto.

4.- PROTECCIÓN DE DESEMPREGO

Perceptores de desemprego1 punto.

Perceptores de subsidios, RAI, PREPARA, ACTIVA, SED, IMV.... 2 puntos.

Non perceptores 3 puntos.

5.- TEMPO DE DESEMPREGO DENDE O ÚLTIMO TRABALLO

Menos de 12 meses1 punto.

De 12 a 18 meses...2 puntos.

Máis de 18 meses...3 puntos.

6.- CATEGORÍA PROFESIONAL (NO TRABALLO INMEDIATAMENTE ANTERIOR SEGUNDO VIDA LABORAL)

Autónomos1 puntos.

Grupo de cotización del 1 al 7 0 puntos.

Grupo de cotización 8 1 puntos.

Grupo de cotización 9 2 puntos.

Grupo de cotización 10 3 puntos.

Sen emprego anterior 4 puntos.

7.- PERTENZA A COLECTIVOS DESFAVORECIDOS OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL (Acreditado mediante certificación dos servizos sociais do concello respectivo ou do Servizo de Prestacións, Inclusión e Inmigración, da Consellería de Política Social.....)

Perceptores da RISGA , persoas emigrantes retornadas, mulleres vítimas de violencia de xénero1 punto.

8.- FORMACIÓN ACADÉMICA

Titulados universitarios e de FP ciclo superior 1 punto.
Bacharelato/BUP e FP ciclo medio..... 2 puntos.
Ata graduado escolar, ESO, FP ciclo básico..... 3 puntos.

9.- OUTROS

Por ter prevista a realización deste tipo de medidas no seu Itinerario de Inserción Profesional 2 puntos.

Persoas beneficiarias que nunca participaran nun Programa de Emprego para mozas ou obradoiro dual de emprego nos últimos 5 anos 6 puntos.

10.- ENTREVISTA

Na que se valorará o seu interese en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación as singularidades do proxecto formativo. Puntuarase ata un máximo de 10 puntos.

Modo de Xustificación:

DNI ou documento identificativo válido en vigor.

Prestación de desemprego ou subsidios.- Certificación ou resolución do Servizo Público de Emprego Estatal, ou calquera outro válido en dereito que acredite esta circunstancia.

Tempo de inscrición como demandante de emprego.- Certificado períodos de inscrición.

Categoría Profesional no traballo inmediatamente anterior.- Certificado/Informe da Vida Laboral.

Pertenza a colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social.- Certificado dos servizos sociais do concello ou entidade local respectiva ou do Servizo de Prestacións, Inclusión e Inmigración, da Consellería de Política Social.

Formación académica.- Título académico, certificación académica ou calquera outro documento válido en dereito que acredite esta circunstancia.

Certificado de discapacidade igual ou superior ao 33%.

Xustificante de participación en Itinerario Personalizado de Inserción (IPI).

Certificado da Seguridade social xustificativo do **Ingreso Mínimo Vital**.

SÓ SE VALORARÁ A DOCUMENTACIÓN PRESENTADA.

ANEXO II

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DO ALUMNADO TRABALLADOR DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “COMARCA DO SAR 2024”

D/Dna _____ con DNI núm. _____ e
con domicilio en _____

C.P. _____, teléfono _____, correo electrónico _____.

DECLARA:

* Que coñece e acepta as bases que van rexer o proceso de selección do alumando-traballador do Obradoiro de emprego dual “Comarca do Sar 2024”.

* Que está en posesión de todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases de selección.

* Que está inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia e dispoñible para o emprego.

* Que achega a seguinte documentación que acredita as situacións que se baremarán:

- Copia do DNI ou equivalente.
- Xustificante de participación en Itinerario Personalizado de Inserción (IPI).
- Xustificante de ter unha discapacidade igual ou superior ao 33%.
- Certificado/Informe de vida laboral.
- Copia do informe de períodos de inscrición no Servizo Público de Emprego de Galiza (SPEG).
- Titulación Académica do nivel máis alto acadado, certificación académica ou calquera outro medio válido en dereito que acredite esta circunstancia.
- Certificado dos servizos sociais do concello ou entidade local respectiva de pertenza a colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social.
- Xustificante de percibir ou non prestacións por desemprego, subsidio ou Ingreso Mínimo Vital.

Por todo o exposto,

SOLICITA que se teña por presentada esta solicitude e sexa admitido/a no proceso selectivo de alumno/a traballador/a.

En _____, _____ de _____ de 2024.

Asdo. : _____



Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos



SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE PADRÓN.